


O que se pretende con esta folla de traballo, é unha pequena guía que te oriente e che faga máis productivo o uso das simulacións incluídas no software subministrado .

### 1. SIMULACION CIRCUITO SERIE


Abre la simulación sobre os circuitos serie e responde as seguintes preguntas:



- Pecha o interruptor. Varía o valor das resistencias das lámpadas. Que acontece co valor da intensidade. É común o valor da intensidade en cada resistencia?
- Coloca o valor de  $R_1$  en 20  $\Omega$  e de  $R_2$  en 5  $\Omega$ . Unha lámpada brilla máis que outra. Cal é a razón?
- Neste mesmo estado, calcula a caída de tensión en cada lámpada e a forza electromotriz da pila. Coloca agora os voltímetros en cada lámpada e comproba que os resultados son os correctos.
- Coloca o voltímetro nos extremos das dúas lámpadas, e varía o valor das resistencias. Que acontece co valor que marca? Cal é a razón? Varía a tensión en cada lámpada?
- Cal é a corrente máxima e mínima que subministra a pila. Nos dous casos, canto vale a resistencia equivalente do circuíto e a potencia máxima e mínima que subministra a pila.
- Atendendo os resultados, o circuíto serie é un divisor de tensión ou de intensidade.
- Atendendo a figura: ¿como debo coloca-lo amperímetro e o voltímetro?
- Si colocara unha lámpada máis, que me marcaría un voltímetro colocado nos extremos?
- Que problema presentan os circuitos serie?

## 2. SIMULACION CIRCUITO PARALELO

Abre la simulación sobre os circuitos serie e responde as seguintes preguntas:



- A. Pecha o interruptor. Conecta o voltímetro. Varía o valor das resistencias das lámpadas. Que acontece co valor da tensión. É común o valor da tensión en cada resistencia?.
- B. Como se relaciona o valor da intensidade por cada lámpada e a intensidade total do circuíto?
- C. Coloca o valor de  $R_1$  en 20 W e de  $R_2$  en 5 W . Unha lámpada brilla máis que outra. Cal é a razón?.
- D. Neste mesmo estado, calcula a resistencia equivalente do circuíto.
- E. Cal é a corrente máxima e mínima que subministra a pila. Nos dous casos, canto vale a resistencia equivalente do circuíto e a potencia máxima e mínima que subministra a pila.
- F. Atendendo os resultados, o circuíto serie é un divisor de tensión ou de intensidade.
- G. Atendendo a figura: ¿como debo coloca-lo amperímetro e o voltímetro?
- H. Si colocara unha lámpada máis, que me marcaría un voltímetro colocado nos extremos?.
- I. Si desconecto unha lámpada, vai lucir a outra?